

COMUNICACIÓN SEGURA CON PERSOAS DEPORTISTAS MENORES DESDE A ENTIDADE DEPORTIVA



CORRECCIÓN RESPETUOSA

Corríxense os erros cun ton sereno e sen ridiculizar.

INTERACCIÓN VISIBLES

As conversas lévanse a cabo en espazos abertos, con outras persoas adultas preto.



LÍMITES DIXITAIS CLAROS

Non se envían mensaxes persoais fóra das canles oficiais. Sempre en copia ás familias.

CONTIDOS SÓ DEPORTIVOS

A comunicación (mensaxes, etc.) limitase á aprendizaxe, aos valores e á convivencia.




EVITAR TEMAS PERSOAIS

Non se fala de vida íntima, familiar ou emocional.



TRANSPARENCIA TOTAL

Calquera mensaxe pode ser coñecida por outra persoa adulta responsable.



PROTOCOLOS INTERNOS DE COMUNICACIÓN

Información veraz, concisa e libre de xuízos persoais en situacións de incidentes ou conflitos.



COIDADO DA IMAXEN DA PERSOA MENOR

Non publicar fotos nin nomes sen autorización expresa.



SEPARACIÓN ROL ADULTO/MENOR

A persoa adulta mantén unha distancia profesional e educativa.



MENSAXE INSTITUCIONAL UNIFICADA

Unha persoa portavoz (idealmente a Persoa Delegada de Protección) para temas sensibles.




ESCOITA ACTIVA

Preguntar como se sente antes de falar do resultado.



VALIDACIÓN EMOCIONAL

Recoñecer o esforzo, non só o rendemento.



LINGUAXE CONSTRUCTIVA

Evitar comparacións, etiquetas e xuízos.



RESPECTO POLOS TEMPOS DA PERSOA MENOR

Non obrigir a falar do adestramento ou do partido se non o desexa.



APOIO NON INVASIVO

Acompañar sen substituír a persoa adestradora.



FINALIDADE EDUCATIVA

Falar para ensinar, non para descargar tensións.



COHERENCIA EMOCIONAL

Evitar sarcasmos, excesos de crítica ou bromas sobre o rendemento.



FOMENTO DA AUTONOMÍA

Deixar que participe nas decisións (deporte, expectativas, ritmo).



PRIVACIDADE E COIDADO DIXITAL

Protexer a imaxe e os datos; non expoñer nas RR. SS. sen reflexión.



PRESENCIA POSITIVA

El apoio a veces es sólo estar, sin presión ni reproches.

COMUNICACIÓN SEGURA CON PERSOAS DEPORTISTAS MENORES DESDE A FAMILIA

RELACIONES

RESPONSABLES ENTRE PERSOAS ADULTAS E MENORES

1 RESPECTO

Recoñecer que a persoa menor ten dereitos e voz propios, e non utilízala para satisfacer as expectativas ou necesidades das persoas adultas.



3 COMUNICACIÓN SEGURA

Mensaxes transparentes, educativas e sempre a través de canles oficiais.



2 LÍMITES CLAROS

Normas visibles, iguais para todas e todos, e aplicadas sen excepcións.



4 AFECTO RESPONSABLE

Acompañar sen invadir e expresar afecto cun claro sentido educativo.



5 EXEMPLARIDADE

O comportamento das persoas adultas é o primeiro modelo de aprendizaxe.

6 INTERACCIÓNS PÚBLICAS

Conversas e encontros sempre visibles e que poidan ser interrompidos en calquera momento..



“O bo trato constrúe deporte. Todas e todos somos responsables.”



RESPECTO AO DESENVOLVEMENTO
Cada neno e cada nena adestra e aprende segundo a súa idade e madurez, sen comparacións nin presións.

SEGURIDADE EMOCIONAL

O respecto e a calma forman parte do adestramento. Non se berra, ensínase.



COIDADO FÍSICO

A hidratación, o descanso e a saúde son unha prioridade, non variables secundarias.

EDUCACIÓN POR ENRIBA DO RESULTADO

O marcador non mide o valor dun neno ou dunha nena.




INTERVENCIÓN ANTE A MALA CONDUCTA

Se algo non é adecuado, débese actuar. O silencio nunca é neutral.



COMUNICACIÓN RESPONSABLE

As discrepancias abórdanse en privado e con respecto. O exemplo comeza por aí.



LÍMITES CLAROS

As normas protexen. Definen o que está permitido e o que non.



ACOMPAÑAMENTO ACTIVO

O neno ou a nena que sofre ou se desmotiva necesita atención, non sanción.

TOLERANCIA CERO ANTE A VIOLENCIA

Calquera sinal de abuso ou maltrato comunícase de inmediato. Sempre.



INCLUSIÓN E EQUITADE

No deporte cabe todo o mundo. A diversidade non divide, enriquece.

NORMAS DIFUSAS OU INEXISTENTES

Ninguén sabe que está permitido nin que consecuencias ten incumplilas.



PREVENCIÓN IGNORADA

As políticas ou protocolos de protección existen no papel, pero non se aplican.



DOBLE RASEIRO

Esíxese disciplina ao neno ou á nena mentres as persoas adultas berran, humillan ou se enfrontan.



ESIXENCIAS INADECUADAS

Adéstrase ou compítese por enriba das capacidades físicas ou emocionais do neno ou da nena.

EXCLUSIÓN E DESIGUALDADE

Algún neno ou algunha nena é apartado ou invisibilizado polo seu xénero, orixe ou condición.



DECÁLOGO DUNHA CONTORNA DEPORTIVA INSEGURA



RESULTADO POR ENRIBA DO BENESTAR

O marcador manda máis que a saúde, o respecto ou a aprendizaxe.

FALTA DE SEGURIDAD FÍSICA
Material e instalacións en mal estado ou adestramentos sen control do risco.



CONDUTAS PELIGROSAS NORMALIZADAS

Xustifícanse empuurróns, insultos ou castigos «porque sempre fixo así».

SILENCIO ANTE O MALESTAR

As persoas adultas non interveñen nin escoitan cando un neno ou unha nena sofre ou o expresa.



FALTA DE FORMACIÓN E SUPERVISIÓN

Improvisase ante un conflito ou unha sospeita porque ninguén sabe como actuar.



DECÁLOGO DUNHA CONTORNA DEPORTIVA SEGURA

Todas as persoas adultas deben actuar. Aínda que non exista unha única forma perfecta de facelo, sempre hai unha acción posible. O silencio permite que a situación continúe.

A REGRA DAS 5D

DETER

Se é seguro, intervéñ cunha frase clara: «Por favor, non insultes. Hai persoas menores escoitando».



DISTRAER

Corta a situación desviando a atención: «Podes axudarme un intre?».

COMO

ACTUAR
ANTE A VIOLENCIA
NO
DEPORTE

DELEGAR

Buscar unha persoa con autoridade (Persoa Delegada de Protección, adestradores, directivas...).



DOCUMENTAR

Anota o esencial se é seguro facelo (data, lugar, persoas implicadas...).



DAR APOIO

Ofrecer apoio emocional á persoa menor: «Ti non tes ningunha culpa. Estou contigo».



“O bo trato constrúe deporte. Todas e todos somos responsables.”

COMO ACTUAR CON MENORES VÍTIMAS É AGRESORAS



ESCOITAR SEN INTERROGAR

Non facer preguntas do tipo «por que?», «que fixeches?» ou «quen foi?».

VALIDAR EMOCIÓN

Transmitir calma e recoñecer o que sente («Entendo que te sintas así»).



GARANTIR SEGURIDADE INMEDIATA

Afastar a persoa menor da situación e ofrecerlle un espazo seguro.

NO INVESTIGAR POLA TÚA CONTA

Documentar só o imprescindible e trasladar a información.




ACTIVAR O PROTOCOLO

Informar á Persoa Delegada de Protección e seguir os pasos establecidos.



OFRECER APOIO EMOCIONAL CONTINUADO

Unha figura de referencia estable marca a diferenza.



EVITAR CULPABILIZACIÓN

A responsabilidade nunca é do neno ou da nena vítima.



RESPECTAR TEMPOS E INTIMIDADE

Non presionar para que conte máis do que desexa.

SE A PERSONA MENOR É VÍTIMA

SE A PERSONA MENOR É AGRESORA



COORDINACIÓN CON FAMILIA + ENTIDADE

Ambas partes deben traballar xuntas para corrixir e acompañar.



NON MINIMIZAR A CONDUCTA

Evitar expresións como «é cousa de nenos» ou «pasará só».



BUSCAR APOIO PROFESIONAL SI É NECESARIO

Especialmente no caso de repetición de condutas ou de dificultades emocionais.



MANTER A CALMA

Evitar broncas ou humillacións. A persoa menor tamén necesita unha referencia emocional.



EXPLICAR LÍMITES E CONSECUENCIAS

Debe comprender por que a súa acción resulta daniña e que normas foron vulneradas.



FOMENTAR REFLEXIÓN E REPARACIÓN

Facilitar que asuma a responsabilidade e que procure unha reparación, xa sexa simbólica ou práctica.



ACTIVAR O PROTOCOLO IGUALMENTE

A persoa menor agresora tamén precisa unha intervención profesional e educativa.

jajaja

